



DECLARACIÓN EN FAVOR DA VERTEBRACIÓN METROPOLITANA DE VIGO

No futuro de Galiza é chave o papel protagonista de Vigo e da súa área metropolitana, a grande área urbana do noso País con máis de 540 mil habitantes.

Vigo é unha realidade urbana que supera os límites da cidade. As importantes, profundas e continuadas ligazóns sociais, económicas e históricas coa nosa contorna configuran unha realidade de alcance metropolitano que debemos desenvolver, desde o diálogo e a cooperación, en favor do desenvolvemento do conxunto de concellos e da veciñanza do conxunto da área.

A área metropolitana de Vigo está paralizada polo PP e PSOE, que deste xeito están prexudicando os intereses da veciñanza dos concellos e paralizando proxectos estratéxicos e prioritarios. Fronte á política de permanente confrontación partidista e división doutras forzas políticas, o BNG defende o interese xeral.

O BNG comprométese a desenvolver en todos os ámbitos, a principiar polos concellos, un plan de reactivación e dinamización da área metropolitana, con políticas baseadas na identidade, a participación, o dinamismo, a cooperación e mancomunación de esforzos e a sustentabilidade, que avancen cara ao desenvolvemento integral e coordinado da vertebración metropolitana da área de Vigo, cos seguintes eixos de acción conxunta:

1. Impulso á mobilidade metropolitana

-Promovendo, coa necesaria colaboración da Xunta e do Goberno central, a creación dun Consorcio de transporte intermodal con tarxeta única de bus, tren e transporte marítimo de Ría.

-Apostando na mellora do transporte público no conxunto da área, procurando acordos e consensos que permitan a integración dos concellos que non están na actual rede metropolitana e garantindo unha mellor accesibilidade dos hospitais, centros administrativos e educativos e campus universitario, así como das terminais ferroviarias, estacións marítimas e aeroporto.

2. Mellora da conexión ferroviaria e das infraestruturas

-Demandando ao Goberno español da mellora da conexión ferroviaria de media distancia e implantación de tren de cercanías, así como axilizar o desenvolvemento da Saída Sur que conecte por tren de alta velocidade Vigo con Porto.

-Reclamando a mellora das infraestruturas viarias, corrixindo o actual trazado da A-55, facendo gratuíta a AG-57 e impulsando a completa liberación de peaxes na AP-9.

3. Desenvolvemento da área de Vigo como motor económico, industrial e tecnolóxico.

-Cun compromiso firme para o desenvolvemento efectivo da PLISAN como grande polo loxístico e porto seco.

-Promovendo a creación dun Centro Metropolitano de Impulso Tecnolóxico e da Innovación.

-Esixindo compromisos orzamentarios e accións para desenvolver o Campus do Mar na antiga ETEA en Vigo.

-Apostando no comercio de proximidade fronte ás grandes superficies, aplicando unha moratoria en toda a área.

4. Potenciación de Vigo como grande porto atlántico

-Despregando un Plan estratéxico de potenciación de Vigo como Porto de entrada de mercadorías por mar e garantindo a súa axeitada conexión ferroviaria.

-Desenvolvemento conxunto e sustentábel dos espazos portuarios da Ría.

5. Defensa dos servizos públicos

-Reclamando da Xunta de Galiza a fin da política de recortes e privatizacións na área sanitaria de Vigo, dotando dos medios necesarios a Atención Primaria e garantindo a mellora da calidade asistencial e a redución nas listas de agarda nos centros hospitalarios financiados con diñeiro público.

-Demandando a mellora da oferta educativa, dotando os centros públicos dos medios e persoal necesarios, en todos os niveis educativos e prestando especial atención á Formación Profesional.

6. Plan integral para a Ría de Vigo

-Mancomunando esforzos en favor da rexeneración integral da Ría, coordinando actuacións no ámbito do saneamento, da conservación, dinamización e promoción turística da Ría.

7. Impulso de modelos urbanos que aposten na habitabilidade

-Cooperando para desenvolver procesos de democratización do espazo público e promovendo un novo modelo de mobilidade en todos os concellos, que priorice a mobilidade peonil e o transporte colectivo.

8. Garantir unha xestión sustentábel da auga

-Elaborando unha proposta conxunta dos concellos da área coa Xunta e o Goberno central para garantir o abastecemento de auga potábel así como a modernización e mellora da súa rede de distribución, impulsando un novo modelo de xestión sustentábel e racional.

9. Novo modelo de xestión dos residuos municipais

-Impulsando desde os concellos o tratamento de proximidade dos biorresiduos para a compostaxe e promovendo un modelo diferente a Sogama.

10. Protección da biodiversidade e valorización dos nosos montes

-Despregando unha estratexia conxunta para a protección e xestión multifuncional dos montes e a prevención de incendios.

Vigo, Galiza, a 12 de maio de 2023.